

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 12 DE XULLO DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Diego Alcantarilla Rei
D.^a María Dolores Pan Lesta
D.^a María Mercedes Prieto Lamas
D.^a Patricia María Parceró Quiñoy
D. David López Saborido

NON ASISTE:

D. Daniel Mallo Castro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as trece horas e quince minutos do día doce de xullo do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D. Diego Alcantarilla Rei, D.^a María Dolores Pan Lesta, D.^a María Mercedes Prieto Lamas, D.^a Patricia María Parceró Quiñoy e D. David López Saborido.

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro D. Daniel Mallo Castro.

Actúa como secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- PRONUNCIAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL RESPECTO DA URXENCIA DA CONVOCATORIA E DO SEGUINTE ASUNTO A TRATAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 133.1 a) DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL

Na Resolución da Alcaldía do día 12 de xullo de 2023 pola que se convoca esta Xunta de Goberno Local se sinala que:

(.../...)

«A urxencia da convocatoria e do asunto vén motivada pola necesidade de adjudicar no día de hoxe o contrato do servizo para a contratación artística e produción do XXXI Festival Rock in Cambre 2023, non podendo demorarse a dita adjudicación xa que non podería formalizarse o contrato en tempo.»

(.../...)

Sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, aproba a urxencia da convocatoria e do asunto incluído na orde do día.

2º.- PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO PARA A CONTRATACIÓN ARTÍSTICA E PRODUCCIÓN DO XXXI FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2023 (LOTE 1 E LOTE 2). (EXPTE: 2023/C004/000016)

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 12 de xullo de 2023 (CVD: qsVdODOXViBTGirQDIFQ), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2023/C004/000016 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, da contratación artística e a produción do XXXI Festival Rock in Cambre 2023 , e que se divide nos seguintes lotes:

- Lote nº 1: Servizo de espectáculos de música en directo de cinco grupos artísticos.
- Lote nº 2: Subministración dos elementos e do personal necesarios para a prestación de todos os servizos que require a produción do festival.

Visto o acordo da mesa de contratación adoptado en sesión celebrada con data do 20.06.2023 (acta con CVD: avM1m3nKvVV6B3d0jw/8) verbo da valoración dos criterios de adxudicación de apreciación automática do lote 2, así como da proposta de adxudicación a favor do licitador “Alboroto Producións, S.L.”, ao que se lle outorgou o prazo de 7 días hábiles para que presentara a documentación previa á adxudicación prevista na cláusula 17 do PCAP.

Visto o acordo da mesa de contratación adoptado en sesión celebrada con data do 29.06.2023 (acta con CVD: 9MCKwO55BJG1GcAk5Ybg) verbo da valoración do criterio de adxudicación de apreciación automática (prezo) do lote 1, así como da proposta de adxudicación a prol do licitador “Old Navy Port Producións, S.L.”, ao que se lle outorgou o prazo de 7 días hábiles para que presentara a documentación previa á adxudicación prevista na cláusula 17 do PCAP.

Vista a documentación aportada polos licitadores propostos como adxudicatarios en cada un dos lotes no dito prazo dos 7 días hábiles.

Visto o informe desfavorable emitido pola técnica de xestión de administración xeral, Verónica María Otero López, coa conformidade de secretaria xeral, con data do 11.07.2023 (CVD: T6Q6AoElqjha12WklG3).

Visto o informe de fiscalización desfavorable sen efecto suspensivo emitido pola interventora municipal con data do 11.07.2023 (CVD: q5iLJC5LMqxJqntS2nKd).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023 do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1172/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Declarar válida a licitación, na que presentaron oferta en cada un dos lotes os seguintes licitadores:

LOTE 1

LICITADOR	NÚM. IDENTIFICACIÓN	FECHA Y HORA DE PRESENTACIÓN
Lafarruca Producciones, S.L.U.	B09804600	12-06-2023 09:42
Old Navy Port Producciones, S.L.	B27740117	07-06-2023 17:03

LOTE 2

LICITADOR	NÚM. IDENTIFICACIÓN	FECHA Y HORA DE PRESENTACIÓN
Lafarruca Producciones, S.L.U.	B09804600	12-06-2023 09:42
Alboroto Producciones, S.L.	B02471746	08-06-2023 13:45

Segundo: De conformidade co acordo adoptado pola mesa de contratación en sesión celebrada con data de 20.06.2023, excluír a “Lafarruca Produccións, S.L.U.” da licitación do Lote 1 “Servizo de espectáculos de música en directo de cinco grupos artísticos” do presente contrato por incumprir o disposto na Cláusula 13.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, segundo a cal os licitadores deberán presentar a súa proposición única e exclusivamente de forma electrónica a través da Plataforma de contratación do sector público, así como a Cláusula 13.2 PCAP segundo a cal a presentación de máis dunha proposición dará lugar á non admisión de todas as proposicións subscritas polo licitador.

Terceiro: De conformidade co acordo adoptado pola mesa de contratación en sesión celebrada con data do 29.06.2023, admitir a proposición presentada por “Old Navy Port Produccións, S.L.” á licitación do Lote 1 “Servizo de espectáculos de música en directo de cinco grupos artísticos” por cumprir as condicións e requisitos establecidos na Cláusula 13 do PCAP e achegar debidamente cubertos os modelos de declaración responsable e de proposición segundo os Anexos II e III do prego, outorgándolle á súa oferta unha puntuación de 0 puntos, ao presentar unha oferta polo prezo máximo de licitación, sen que dita oferta se atope, polo tanto, en presunción de ser anormalmente baixa.

Cuarto: Adjudicar o **Lote nº 1** “Servizo de espectáculos de música en directo de cinco grupos artísticos” da contratación artística e produción do XXXI Festival Rock in Cambre 2023, a favor do licitador “**Old Navy Port Produccións, S.L.**”, no prezo ofertado de 56.840,00 euros sen IVE (68.776,40 euros IVE incluído), por ser a única entidade admitida a este lote e cumprir todos os requisitos establecidos no PCAP para a presentación de ofertas, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co acordo adoptado pola mesa de contratación en sesión celebrada con data de 20.06.2023, excluír a “Lafarruca Produccións, S.L.U.” da licitación do Lote 2 “Subministración dos elementos e o persoal necesarios para a prestación de todos os servizos que require a produción do festival” do presente contrato por incumprir o disposto na Cláusula 13.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, segundo a cal os licitadores deberán presentar a súa proposición única e exclusivamente de forma electrónica a través da Plataforma de contratación do sector público, así como a Cláusula 13.2 PCAP segundo a cal a presentación de máis dunha proposición dará lugar á non admisión de todas as proposicións subscritas polo licitador.

Sexto: De conformidade co acordo adoptado pola mesa de contratación en sesión celebrada con data de 20.06.2023, admitir a proposición presentada por “Alboroto Produccións, S.L.” á licitación do Lote 2 “Subministración dos elementos e o persoal necesarios para a prestación de todos os servizos que require a produción do festival” por cumprir as condicións e requisitos establecidos na Cláusula 13 do PCAP e achegar debidamente cubertos os modelos de declaración responsable e de proposición segundo os Anexos II e III do

prego, e aprobar a valoración da oferta presentada por “Alboroto Producciones, S.L.”, tal e como se transcribe a continuación, sen que dita oferta se atope en presunción de ser anormalmente baixa.

Precio ofertado a la baja	Mejoras en la sonorización		Puntuación total
	Monitores suelo	Personal producción	
49 puntos	25 puntos	26 puntos	100 puntos

Sétimo: Adjudicar o **Lote nº 2** “Subministración dos elementos e o persoal necesarios para a prestación de todos os servizos que require a produción do festival” da contratación artística e produción do XXXI Festival Rock in Cambre 2023, a favor do licitador “**Alboroto Produccións, S.L.**”, no prezo ofertado de 55.000,00 euros sen IVE (66.550,00 euros IVE incluído), e coas melloras na sonorización ofertadas (24 monitores de chan, a maiores dos 8 esixidos no PPT; e 12 técnicos, a maiores do persoal esixido no PPT) por ser a única entidade admitida a este lote e cumprir todos os requisitos establecidos no PCAP para a presentación de ofertas, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Oitavo: Designar responsable desta contratatación (lote 1 e 2) ao coordinador de actividades culturais e educativas, a quen corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, de conformidade coa cláusula 19 do PCAP.

Noveno: Notificar este acordo ao responsable do contrato e aos licitadores presentados e publicar a adjudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>).

Este acordo está suxeito a recurso especial en materia de contratación, que poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles, a partir do día seguinte a aquel en que se notificou esta de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento [artigo 50.1.e) da LCSP], por calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos se viron prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto de recurso, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 12 de xullo de 2023 (CVD: qsvDODOXViBTGirQDIFQ), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo